

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

12604 *Real decreto 745/2016, do 30 de decembro, polo que se modifican os reais decretos 1075, 1076, 1077 e 1078/2014, todos eles do 19 de decembro, ditados para a aplicación en España da política agrícola común.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, regula a normativa básica aplicable en España, correspondente aos réximes de axuda establecidos no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello.

Nel defínense os conceptos de agricultor activo e actividade agraria e establécense as características da solicitude da axuda anual para o réxime de pagamento básico, o pagamento das prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente, o pagamento para os agricultores mozos, o pagamento a través do réxime simplificado para os pequenos agricultores e os pagamentos asociados, tanto para a agricultura como para a gandaría, xunto á axuda nacional aos froitos de casca e as características do sistema integrado de xestión e control, en aplicación do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello.

Como complemento necesario ao modelo aplicado en España do novo réxime de pagamento básico, publicouse o Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, en que se establecen as condicións sobre a asignación e xestión destes dereitos para o período de aplicación 2015-2020, e o Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac), co obxectivo de establecer os criterios básicos que deben garantir o correcto funcionamento deste instrumento de xestión no marco do sistema integrado de xestión e control e o resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común.

Por último, este marco regulador completouse mediante o Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.

Tras a posta en marcha do novo modelo de aplicación da política agrícola común en España, e á vista da experiencia adquirida na súa implementación, cómpre introducir diversas modificacións no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, e no Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, que obedecen a axustes meramente técnicos, coa finalidade de posibilitar a súa mellor aplicación e eficacia na xestión destas axudas. Conxuntamente, establécense unha serie de aclaracións e puntualizacións co obxecto de conseguir maior claridade e seguranza xurídica, ao tempo que se solucionan certos erros detectados.

Así, no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, efectúase un cambio na numeración dos artigos 8, 9 e 10 do capítulo I do título II sobre agricultor activo, que

obedece á necesidade de dotar o texto de maior coherencia seguindo, esta vez, a estrutura prevista no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e facilitar, desta forma, a súa comprensión tras as modificacións introducidas neles a causa dos requirimentos e interpretacións dadas pola Comisión Europea e a auditoría financeira realizada este ano a España, así como aos criterios dimanantes dos fundamentos xurídicos e a parte dispositiva da recente Sentenza n.º 2191/2016 do Tribunal Supremo, do 11 de outubro de 2016.

Por un lado, adáptase o concepto de agricultor activo ás interpretacións dadas pola Comisión Europea, de tal forma que sexan compatibles co contexto e os obxectivos do artigo 9 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Como resultado, os artigos orixinalmente numerados como 8 e 10 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, modifícanse para permitir a correcta aplicación do citado precepto e trasládase ao artigo 91 da mesma norma a obrigaición de que o solicitante se encontre inscrito nos rexistros correspondentes, como requirimento para a presentación da solicitude única. De maneira consecuente, corríxense de forma acorde o artigo orixinalmente numerado como 9 e o artigo 12 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, e o artigo 25.1 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro.

Así mesmo, aplícase a recente Sentenza 2191/2016 do Tribunal Supremo, do 11 de outubro de 2016, ditada no recurso 741/2015, que anula o número 3 do artigo 8, ante a falta de adecuación do citado artigo 8.3 ao exixido polo artigo 9.3.a) do Regulamento (UE) 1307/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, ao non ter en conta o conxunto de actividades económicas no cómputo dos ingresos agrarios respecto dos ingresos agrarios totais, e elimínase a referencia ao artigo 9.3 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, ao non ser de aplicación. Desta maneira, o actual artigo 9 límitase á definición de ingresos agrarios. Por outro lado, de acordo co criterio manifestado pola Comisión Europea, establécese expresamente que, para efectos das actividades excluídas da percepción de pagamentos directos, se terá en conta non só o solicitante senón as «entidades asociadas» vinculadas con este.

Por outro lado, de acordo co criterio manifestado pola Comisión Europea, establécese expresamente que, para efectos das actividades excluídas da percepción de pagamentos directos, se terá en conta non só o solicitante senón as «entidades asociadas» vinculadas con este.

Finalmente, recóllense outras modificacións menores de tipo técnico, relacionadas cos elementos da paisaxe, no Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, e no Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, para unha mellor aplicación destes.

Derrógase o Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro, polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos a prima e para o acceso ás reservas nacionais respecto aos produtores de ovino e cabrún e dos que manteñen vacas nutrices, por teren quedado sen contido efectivo na súa totalidade. A materialización do desligamento total das primas ao sector ovino e cabrún desde o ano 2010, e a incorporación ao pagamento básico e á axuda asociada dos dereitos de vaca nutriz a partir de 2015, imposibilita materialmente que se poida producir algunha cesión ou repartición desde a reserva nacional deste tipo de dereitos, ao non se encontraren collidos na nova regulación de axudas da Unión Europea. Por tanto, para unha maior seguranza xurídica resulta procedente derogar expresamente a dita norma.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, queda modificado como segue:

Un. No artigo 3 dáse unha nova redacción ás letras j) e k):

«j) “Xovenca”: o bovino femia da especie *Bos taurus*, a partir da idade de oito meses, que aínda non pariu.

k) “Vaca”: o bovino femia da especie *Bos taurus* que pariu».

Dous. O número 1 do artigo 4 substitúese polo seguinte:

«1. O límite máximo orzamentario dos pagamentos directos que se poden conceder para cada un dos réximes de axuda que figuran no artigo 1.1 será o recollido no anexo II.

Con base na asignación dos importes baixo o réxime simplificado para os pequenos agricultores que se produciu en 2015, segundo o establecido no capítulo IV do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, e no título V do presente real decreto, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente establecerá, para cada campaña, que parte dos límites máximos orzamentarios de cada unha das liñas de axuda recollidos no anexo II incorporouse ao citado réxime simplificado».

Tres. O artigo 8 substitúese polo seguinte:

«Artigo 8. *Actividades excluídas.*

1. En virtude do artigo 9.2 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, non se concederán pagamentos directos ás persoas físicas ou xurídicas, ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, cuxa actividade, conforme a Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) ou conforme o imposto sobre actividades económicas (IAE), se corresponda cos códigos recollidos no anexo III.

Tampouco se concederán pagamentos directos se a persoa física ou xurídica, ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, exercen o control dunha entidade asociada, cuxa actividade, conforme o CNAE ou conforme o IAE, se corresponda cos códigos recollidos no anexo III. No caso das persoas xurídicas ou grupos de persoas xurídicas tampouco se concederán pagamentos directos cando a persoa xurídica ou grupo de persoas xurídicas sexa controlada por unha entidade asociada, cuxa actividade, conforme o CNAE ou conforme o IAE, se corresponda cos códigos recollidos no anexo III. Para estes efectos, entenderase como entidade asociada a todas as entidades directa ou indirectamente relacionadas coas persoas físicas e xurídicas, ou grupos de persoas físicas e xurídicas, por unha relación de control exclusivo en forma de propiedade íntegra ou participación maioritaria.

2. Non obstante o disposto no número anterior, considerarase que as ditas persoas ou grupos de persoas son agricultores activos e, por tanto, poden ser beneficiarias de pagamentos directos, se achegan probas verificables que demostren que concorre, para a dita persoa ou grupos de persoas, algunha das

seguintes circunstancias, tendo tamén en conta para estes efectos, se procede, os datos correspondentes ás entidades asociadas a eles:

a) Que o importe anual dos pagamentos directos é, ao menos, do 5 % dos ingresos totais que se obteñen a partir de actividades non agrarias no período impositivo máis recente para o que se dispoña da dita proba.

b) Que a súa actividade agraria non é insignificante, sobre a base de que os seus ingresos agrarios distintos dos pagamentos directos sexan o 20 % ou máis dos seus ingresos agrarios totais no período impositivo dispoñible máis recente.

c) Para as persoas xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, que dentro dos seus estatutos figure, antes da data de finalización do prazo de solicitude, a actividade agraria como o seu principal obxecto social.

Para as persoas físicas, que estean dadas de alta no Sistema especial para traballadores agrarios da Seguridade Social, antes da data de finalización do prazo de solicitude.

3. En relación co número 2.b), no caso de que as ditas persoas ou grupos de persoas non contén cuns ingresos agrarios distintos dos pagamentos directos do 20 % ou máis dos seus ingresos agrarios totais, poderán ser considerados agricultor activo sempre e cando se demostre que exercen a actividade agraria establecida no artigo 11 e asuman o risco empresarial da dita actividade.

4. O importe anual de pagamentos directos que se menciona o número 2.a) será a cantidade total de pagamentos directos recibidos polo agricultor no período impositivo máis recente sobre o que se dispoña de información fidedigna dos ingresos procedentes de actividades non agrarias. Esta cantidade calcularase sen ter en conta a aplicación dos artigos 63 e 91.1 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Se o agricultor non presentou solicitude de pagamentos directos no período impositivo máis recente sobre o que se dispoña de información dos ingresos procedentes de actividades non agrarias, o importe anual de pagamentos directos referido na letra a) do número 2 calcularáselle multiplicando o número de hectáreas elixibles declaradas conforme o artigo 72.1 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no ano de solicitude, polo valor medio nacional dos pagamentos directos por hectárea no ano en que se dispón da mencionada información.

O dito valor medio nacional por hectárea será o resultado de dividir o teito nacional do anexo II do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, para ese ano, entre o total de hectáreas elixibles declaradas en España para ese ano, conforme o artigo 72.1 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Para os cálculos necesarios nas comprobacións anteriores, atenderase ás especificidades de índole tributaria con base na natureza xurídica dos solicitantes.

5. Aqueles beneficiarios que durante a tramitación das axudas de campañas previas fosen incluídos pola Administración na lista negativa de beneficiarios e, tras presentaren as súas alegacións, fosen excluídos da dita lista negativa, poderán solicitar, no marco da solicitude única da campaña actual, que se revise a súa situación, baixo a mesma circunstancia das indicadas no número 2 que na campaña previa correspondente, sempre que tal situación non cambiase con respecto a aquela, e, en caso de ter cambiado, presentando a documentación necesaria que xustifique a nova situación».

Catro. O artigo 9 substitúese polo seguinte:

«Artigo 9. *Determinación de ingresos agrarios.*

Entenderanse por ingresos agrarios os definidos nos artigos 11.1 e 11.2, do Regulamento delegado (UE) n.º 639/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014,

que completa o Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, e que modifica o anexo X do dito regulamento:

a) En caso de que o solicitante sexa unha persoa física, os ingresos agrarios serán os recollidos como ingresos totais na súa declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, no número correspondente a rendementos de actividades agrícolas, gandeiras e forestais, en estimación obxectiva ou directa.

Cando os ingresos agrarios, ou parte deles, debido á pertenza do solicitante a unha entidade integradora, non figuren consignados como tales no número mencionado anteriormente da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, o solicitante deberá declarar na súa solicitude única a contía dos ditos ingresos percibidos no período impositivo máis recente. A autoridade competente exixirá todos aqueles documentos que considere necesarios para verificar a fiabilidade do dato declarado. Nestes casos, o solicitante, ademais, deberá consignar na súa solicitude o NIF da entidade integradora correspondente.

En ningún caso poderá haber duplicidade na declaración dos ingresos por parte das persoas físicas integrantes das entidades integradoras anteriores e por estas mesmas, no caso de que fosen tamén solicitantes.

Nos casos en que a actividade agraria se desenvolva no marco de sistemas de integración, os importes facturados pola entidade integradora en virtude dos correspondentes contratos de integración consideraranse como ingresos agrarios do integrado, sempre e cando o integrado asuma o risco da cría dos animais.

b) En caso de que o solicitante sexa unha persoa xurídica, ou un grupo de persoas físicas ou xurídicas, deberá declarar na súa solicitude única o total de ingresos agrarios percibidos no período impositivo máis recente. A autoridade competente exixirá, cando o considere necesario, todos aqueles documentos que considere adecuados para verificar a fiabilidade do dato declarado. Se se trata dunha sociedade civil ou dunha comunidade de bens, a autoridade competente poderá comprobar a coherencia entre os ingresos agrarios declarados polo solicitante e os ingresos recollidos na declaración informativa anual de entidades en réxime de atribución de rendas, correspondentes á actividade agrícola e gandeira.

En calquera caso, e para todos os efectos, as indemnizacións percibidas a través do Sistema de seguros agrarios combinados computarán como ingresos agrarios.»

Cinco. O artigo 10 substitúese polo seguinte:

«Artigo 10. *Excepcións aos requisitos de agricultor activo.*

1. En virtude do disposto no artigo 9.4 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, os requisitos de agricultor activo establecidos no artigo 8 non se aplicarán a aqueles agricultores que, con base na solicitude única do ano previo, percibisen pagamentos directos por un importe igual ou inferior a 1.250 euros, antes da aplicación das penalizacións ou exclusións derivadas dos controis de admisibilidade ou de condicionalidade, segundo quedan recollidas nos artigos 63 e 91 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

2. Se o agricultor non presentou solicitude de pagamentos directos no ano mencionado no número anterior, o importe anual de pagamentos directos calcularáselle multiplicando o número de hectáreas elixibles declaradas conforme o artigo 72.1 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no ano de solicitude polo valor medio nacional dos pagamentos directos por hectárea para o ano anterior ao de solicitude.

O dito valor medio nacional por hectárea será o resultado de dividir o teito nacional do anexo II do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e

do Consello, do 17 de decembro de 2013, para ese ano, entre o total de hectáreas elixibles declaradas en España para o mesmo ano, conforme o artigo 72.1.a) do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.».

Seis. O número 2 do artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«2. Para cada parcela ou recinto, o solicitante declarará na súa solicitude de axuda o cultivo ou aproveitamento ou, se for o caso, que o recinto é obxecto dun labor de mantemento. Indicarase expresamente na solicitude se sobre os recintos de pastos se vai realizar produción con base en pastoreo ou sega ou só mantemento con base nas actividades do anexo IV».

Sete. O artigo 12 substitúese polo seguinte:

«Artigo 12. *Situacións de risco.*

1. Presentarase unha atención especial ás persoas físicas ou xurídicas que poidan crear condicións artificiais para eludir as exixencias de actividade agraria nas superficies da súa explotación, nos termos previstos no capítulo II do título VI. En particular, considerarase como unha situación de risco, para efectos de control, os casos en que os ingresos agrarios distintos dos pagamentos directos do solicitante non representen o 20 % ou máis dos seus ingresos agrarios totais, en ningún dos tres períodos impositivos dispoñibles máis recentes. Neste caso comprobarase, ademais, que o beneficiario asume o risco empresarial da actividade que declara na súa solicitude e, no caso que non se poida comprobar o dito punto, será excluído da percepción dos pagamentos directos por incumprimento do principio de actividade agraria nas superficies que declara na súa solicitude de axudas.

Non obstante, no caso daqueles que se incorporen por primeira vez á actividade agraria, poderán non ser incluídos neste control do cumprimento da actividade agraria até o segundo período impositivo seguinte ao de solicitude, ou mesmo con posterioridade, en circunstancias debidamente xustificadas, motivadas polo período de entrada en produción de determinados cultivos.

Por razóns de simplificación administrativa e de eficacia na xestión, exceptuaranse deste control os mesmos expedientes que se exceptuasen do control da figura do agricultor activo con base no artigo 10.

2. Considerarase como unha situación de risco, para efectos de control, que as superficies de pastos declaradas no ámbito do artigo 11.5 do presente real decreto se sitúen a unha distancia superior a 50 quilómetros da localización principal da explotación ou explotacións de que é titular o solicitante. Esta distancia considerarase como orientativa, e a autoridade competente poderá modificala se ao seu criterio concorren causas que o xustifiquen.

3. Co obxecto de comprobar se se trata de superficies abandonadas, considerarase como unha situación de risco para efectos de control cando determinadas superficies das parcelas ou recintos de terras de cultivo se declarasen, de forma reiterada, durante tres anos consecutivos ou máis, en barbeito, ou que nos recintos de pasto arborizado e arbustivo se declarase tamén de forma reiterada, durante tres anos consecutivos ou máis, unha actividade exclusivamente baseada no mantemento en estado adecuado».

Oito. O número 4 do artigo 13 queda sen contido.

Nove. O número 9 do artigo 14 substitúese polo seguinte:

«9. No caso de destinar as parcelas agrícolas ao cultivo de cânabo, só se poderán utilizar sementes certificadas das variedades que figuran no Catálogo común das variedades de especies de plantas agrícolas, no Rexistro Español de Variedades Comerciais, ou que teñan concedida unha autorización de

comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro de 2004, relativa a disposicións de aplicación polas cales os Estados membros poden autorizar a comercialización de sementes pertencentes a variedades para as que se presentase unha solicitude de inscrición no Catálogo nacional de variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas, na data do 15 de marzo do ano de presentación da solicitude. Estas variedades só serán admisibles se teñen un contido de tetrahidrocannabinol non superior ao 0,2 %».

Dez. O artigo 25 queda modificado como segue:

«Artigo 25. *Beneficiarios e requisitos.*

Terán dereito a percibir o pagamento complementario para os agricultores mozos aqueles agricultores, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que teñan dereito a un pagamento en virtude do réxime de pagamento básico e activasen os correspondentes dereitos de pagamento.

b) No caso que o agricultor sexa unha persoa física:

1.º Que non teña máis de 40 anos de idade no ano de presentación da súa primeira solicitude de dereitos de pagamento básico.

2.º Que se instale por primeira vez nunha explotación agraria como responsable desta, ou que se instalase na dita explotación, como responsable, nos cinco anos anteriores á primeira presentación dunha solicitude ao abeiro do réxime de pagamento básico. Considerarase que un agricultor mozo é responsable da explotación se exerce un control efectivo a longo prazo no que respecta ás decisións relativas á xestión, aos beneficios e aos riscos financeiros da explotación. Para efectos deste número, a primeira instalación considerarase desde a data de alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación.

3.º Que dispoña dun expediente favorable de concesión da axuda de primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural, ou que acredite posuír un nivel de capacitación agraria suficiente, para cuxa determinación se conxugarán criterios de formación lectiva e experiencia profesional, tal e como establece o artigo 4.1.b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, que sexan acordados cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma.

c) No caso que o agricultor sexa unha persoa xurídica ou un grupo de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da súa forma xurídica:

1.º Que o control efectivo a longo prazo sobre a persoa xurídica que solicita o pagamento complementario para os agricultores mozos corresponda a un agricultor mozo, que cumpra o disposto na letra b). Entenderase que un mozo, ou un grupo de agricultores mozos, exerce o control efectivo sobre a persoa xurídica cando teña potestade de decisión dentro da dita persoa xurídica, o que exige que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social total desta e que posúan máis da metade dos dereitos de voto dentro dela.

2.º Cando varias persoas físicas, incluídas as persoas que non sexan agricultores mozos, participen no capital ou na xestión da persoa xurídica, o agricultor mozo estará en condicións de exercer ese control efectivo a longo prazo, de forma individual ou en colaboración con outros agricultores. Cando unha persoa xurídica sexa individual ou conxuntamente controlada por outra persoa xurídica, as condicións establecidas no parágrafo anterior aplicaranse a calquera persoa física que exerza o control desoutra persoa xurídica. Para estes efectos, entenderase que a referencia á «instalación» que se fai na letra b) está feita á instalación dos agricultores mozos que exercen o control da persoa xurídica».

Once. Dáse a seguinte redacción aos números 1 e 2 do artigo 26:

«1. O importe do pagamento para agricultores mozos calcularase, cada ano, multiplicando o número de dereitos de pagamento que o agricultor activase de conformidade co artigo 16 por unha cantidade fixa correspondente ao 25 % do valor medio dos dereitos de pagamento, en propiedade ou en arrendamento, que posúa o agricultor.

Para efectos do cálculo do importe citado no parágrafo anterior, o máximo número de dereitos de pagamento activados que se terá en conta non será maior de 90.

2. O importe da axuda para agricultores mozos resultante de conformidade co número 1 será concedido en forma de complemento da axuda recibida en cada campaña a través dos dereitos de pagamento básico».

Doce. A letra b) do artigo 31 queda redactada da seguinte forma:

«b) Empregar semente dalgunha das variedades recollidas no Catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas da Unión Europea, no Rexistro de Variedades Comerciais, ou que teñan concedida unha autorización de comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro de 2004, na data do 30 de marzo do ano de presentación da solicitude».

Trece. A letra a) do artigo 35 queda modificada como segue:

«a) Empregar semente dalgunha das variedades ou especies recollidas no Catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas da Unión Europea, no Rexistro Español de Variedades Comerciais, ou que teñan concedida unha autorización de comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro de 2004, na data do 30 de marzo do ano de presentación da solicitude. Exceptúanse deste requisito as sementes das especies para as que non existe catálogo de variedades ou está autorizada a súa comercialización sen necesidade de pertencer a unha variedade determinada».

Catorce. A letra a) do artigo 46 queda redactada da seguinte forma:

«a) Producir remolacha azucreira dalgunha das variedades recollidas no Catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas da Unión Europea, no Rexistro de Variedades Comerciais, ou que teñan concedida unha autorización de comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE da Comisión do 1 de decembro de 2004, na data do 30 de marzo do ano de presentación da solicitude».

Quince. A letra b) do número 2 do artigo 49 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Realizar unha sementeira mínima de 22.000 sementes por hectárea, ou ben unha plantación mínima de 20.000 plantas por hectárea».

Dezaseis. O número 2 do artigo 50 queda modificado como segue:

«2. Os contratos poderán ser:

a) Un contrato que se celebrará entre:

1.º Unha parte vendedora, que poderá ser un agricultor ou unha organización de produtores definida de acordo co artigo 152 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a que pertenza ese agricultor (en diante, OP).

Non obstante, aqueles agricultores que vendesen a súa produción, ou parte dela, á OP como terceiros, poderanse incluír no contrato en que figure a dita OP como vendedora.

2.º E unha parte compradora, que será un transformador.

b) Ou un compromiso de entrega cando a OP actúe tamén como transformador. Neste caso, cando a OP reciba materia prima de agricultores que non son socios dela para a súa transformación pola OP, deberase formalizar contrato de transformación entre os ditos agricultores e a OP.

Non obstante, non será necesaria a presentación dun contrato en caso de que a parte vendedora e compradora sexa a mesma persoa xurídica sempre que a autoridade competente da comunidade autónoma así o autorice e comprobe que hai unha transformación efectiva da materia prima e se cumpren os requisitos equivalentes aos establecidos no contrato».

Dezasete. O número 2 do artigo 51 substitúese polo seguinte:

«2. A información indicada no segundo guión do anexo XII, así como, se for o caso, a modificación dos contratos presentados por un agricultor ou unha OP poderanse presentar ante a autoridade competente até o 31 de maio de cada ano.»

Dezaioito. A letra b) do número 1 do artigo 54 queda redactada nos seguintes termos:

«b) As variedades de algodón que, estando recollidas no catálogo comunitario previsto na Directiva 2002/53/CE, no Rexistro de variedades comerciais ou que teñan concedida unha autorización de comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro de 2004, na data do 31 de xaneiro de cada ano para a sementeira dese ano, se adapten ás necesidades do mercado».

Dezanove. O artigo 59 substitúese polo seguinte:

«Artigo 59. *Dotación financeira e compatibilidade co réxime de pequenos agricultores.*

1. A dotación financeira anual correspondente a cada unha das liñas de axuda será a que se indica no anexo II do presente real decreto, sen prexuízo de reservar a posibilidade de efectuar transvasamentos de fondos entre as distintas liñas de axuda dun mesmo sector, respecto ao mesmo ano de solicitude, se se pon de manifesto que periga o cumprimento do obxectivo perseguido con algunha das axudas.

Estes transvasamentos de fondos poderanse realizar sempre e cando se respecten os requisitos establecidos no número 3 do artigo 1 do Regulamento delegado (UE) 2016/141 da Comisión, do 30 de novembro de 2015, polo que se modifica o Regulamento delegado (UE) n.º 639/2014 no que se refire a determinadas disposicións sobre o pagamento a agricultores mozos e a axuda asociada voluntaria e se establecen excepcións ao artigo 53, número 6, do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

2. Por outro lado, a parte da dita dotación que se incorpore ao réxime simplificado de pequenos agricultores, conforme o disposto no artigo 33 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, deducirase anualmente a partir de 2015 para o cálculo do importe unitario da axuda que percibirán os agricultores que non estean integrados no dito réxime, de acordo co método de cálculo que en cada caso se especifique».

Vinte. O número 1 do artigo 61 queda redactado da seguinte forma:

«1. As axudas concederanse por animal elixible e ano. Serán animais elixibles as vacas nutrices que se encontren inscritas no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais. Adicionalmente, e co fin de impedir a creación artificial das condicións para o cobramento desta axuda,

só se considerarán elixibles as vacas que parisen nos 20 meses previos ao 30 de abril do ano de solicitude, que pertencen a unha raza cárnica ou procedan dun cruzamento cunha destas razas, e que formen parte dun rabaño destinado á cría de xatos para a produción de carne. Para estes efectos, non se considerarán vacas ou xovencas de raza cárnica as das razas enumeradas no anexo XIII nin aquelas que a autoridade competente na materia determine como de aptitude eminentemente láctea.

Para determinar os animais con dereito ao cobramento desta axuda farase unha comprobación dos animais presentes na explotación do solicitante en 1 de xaneiro, outra en 30 de abril e dúas comprobacións máis en datas intermedias por determinar, no período comprendido entre estas dúas datas, ambas iguais para todas as explotacións de España. Os animais que se computarán serán aqueles presentes nas catro comprobacións realizadas».

Vinte e un. O número 2 do artigo 67 queda redactado nos seguintes termos:

«2. As axudas concederanse por animal elixible e ano. Serán animais elixibles as femias de aptitude láctea pertencentes a algunha das razas enumeradas no anexo XIII, ou a aquelas razas de gando vacún que a autoridade competente na materia determine como de aptitude eminentemente láctea, de idade igual ou maior a 24 meses en 30 de abril do ano de solicitude e que se encontren inscritas no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

Para determinar os animais con dereito ao cobramento desta axuda farase unha comprobación dos animais presentes na explotación do solicitante en 1 de xaneiro, outra en 30 de abril e dúas comprobacións máis en datas intermedias por determinar, no período comprendido entre estas dúas datas, ambas iguais para todas as explotacións de España. Os animais que se computarán serán aqueles presentes nas catro comprobacións realizadas».

Vinte e dous. A letra b) do número 4 do artigo 71 queda redactada da seguinte forma:

«b) Co fin de evitar a creación artificial das condicións para percibir esta axuda, ter un limiar mínimo de movementos de saída da explotación de, ao menos, 0,6 cordeiros por femia elixible, no período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude.

Para o cálculo do número de cordeiros por femia elixible tomarase o resultado de arredondar a 1 decimal, de modo que este decimal que determina o resultado quedará invariable, se o segundo decimal é menor a 5, mentres que se elevará ao número natural inmediatamente superior se o segundo decimal é igual ou superior a 5.

As explotacións clasificadas zootecnicamente como «reprodución para a produción mixta» e «reprodución para a produción de leite» poderán, alternativamente, cumprir o requisito anterior se teñen unha produción mínima de leite de 80 litros por reprodutora e ano. Para isto teranse en conta as entregas a compradores realizadas no período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude e, se for o caso, as vendas directas de leite realizadas durante o ano natural anterior ao ano de solicitude».

Vinte e tres. A letra b) do número 4 do artigo 74 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Ter un limiar mínimo de movementos de saída da explotación de, ao menos, 0,6 cabritos por femia elixible, no período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude, para evitar que se creen artificialmente as condicións para percibir esta axuda.

Para o cálculo do número de cabritos por femia elixible, tomarase o resultado de arredondar a 1 decimal, de modo que este decimal que determina o resultado quedará

invariable, se o segundo decimal é menor a 5, mentres que se elevará ao número natural inmediatamente superior se o segundo decimal é igual ou superior a 5.

As explotacións poderán, alternativamente, cumprir o requisito anterior se teñen unha produción mínima de leite de 200 litros por reprodutora e ano. Para isto teranse en conta as entregas a compradores realizadas no período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude e, se for o caso, as vendas directas de leite realizadas durante o ano natural anterior ao ano de solicitude».

Vinte e catro. O número 4 do artigo 78 queda redactado nos seguintes termos:

«4. A axuda concederáse por animal elixible e ano. Os animais elixibles polos que poderá percibir o pagamento cada gandeiro en cada ano serán:

Femias de aptitude láctea pertencentes a algunha das razas enumeradas no anexo XIII, ou a aquelas razas de gando vacún que a autoridade competente na materia determine como de aptitude eminentemente láctea, de idade igual ou maior a 24 meses en 30 de abril do ano de solicitude e que se encontren inscritas no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

Para determinar os animais con dereito ao cobramento desta axuda farase unha comprobación dos animais presentes na explotación do solicitante en 1 de xaneiro, outra en 30 de abril e dúas comprobacións máis en datas intermedias por determinar, no período comprendido entre estas dúas datas, ambas iguais para todas as explotacións de España. Os animais que se computarán serán aqueles presentes nas catro comprobacións realizadas».

Vinte e cinco. O artigo 86 queda modificado como segue:

a) O número 1 substitúese polo seguinte:

«1. Os agricultores que en 2015 posúan dereitos de pagamento básico, en propiedade, usufruto ou en arrendamento, e o seu importe total de pagamentos directos que percibirán non se estimase superior a 1.250 euros antes do 15 de outubro de 2015, quedarán incluídos automaticamente pola autoridade competente no réxime para pequenos agricultores cuxa activación se establece no capítulo IV do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, a menos que expresamente decidan non participar nel, caso en que deberán comunicalo á autoridade competente antes do 15 de outubro de 2015».

b) O número 3 queda redactado da seguinte forma:

«3. A partir de 2015 só se poderán incorporar novos agricultores ao réxime de pequenos agricultores mediante unha cesión, tal e como se establece no capítulo IV do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común».

c) O número 6 substitúese polo seguinte:

«6. Durante a súa participación no réxime para os pequenos agricultores, os agricultores deberán declarar, ao menos, un número de hectáreas admisibles correspondente ao número de dereitos activados no ano 2015. Estas hectáreas poderán estar situadas en calquera parte do territorio nacional, excepto na Comunidade Autónoma de Canarias, e non será necesario que a superficie corresponda á rexión en que se realizou, no ano 2015, a asignación do dereito.»

Vinte e seis. No número 1 do artigo 89 engádense dúas novas letras c) e d), co seguinte contido:

«c) Cultivo declarado para efectos da diversificación: aquel cuxa presenza nun determinado recinto se poderá comprobar sobre o terreo durante o período de diversificación, tal e como queda establecido no artigo 20.

d) Outro cultivo: aquel que, no caso das terras de cultivo, ocupa o mesmo recinto con anterioridade ao cultivo declarado para efectos da diversificación no mesmo ano de solicitude, excepto no caso dos cultivos tradicionais de verán na comunidade autónoma de que se trate, que poderán ocupar o recinto con posterioridade. Poderán computar para efectos da superficie de interese ecolóxico establecida no artigo 24, así como para as axudas ligadas por superficie establecidas no título IV do presente real decreto. As comunidades autónomas que modifiquen o período de diversificación establecido no artigo 20 poderán, así mesmo, modificar os períodos para a consideración dos outros cultivos, pero en ningún caso poderá ser un cultivo posterior ao período estival da campaña de solicitude».

Vinte e sete. O número 3 do artigo 91 queda redactado do seguinte modo:

«3. A solicitude única, no caso dos pagamentos directos, deberá ser presentada polo titular da explotación tal e como está definida no capítulo II do título II. Por tanto, deberá dispor de toda a documentación correspondente inherente ao desenvolvemento normal da dita actividade no que se refire aos diferentes rexistros e libros de explotacións establecidos pola normativa aplicable correspondente. De maneira específica, o solicitante deberá estar inscrito nos rexistros que as autoridades competentes teñan dispostos de acordo co artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, no momento da solicitude».

Vinte e oito. O artigo 92 substitúese polo seguinte:

«Artigo 92. *Contido da solicitude única.*

1. A solicitude única presentarana as autoridades competentes mediante medios electrónicos establecidos para o efecto, excepto en casos excepcionais que deberá determinar a autoridade competente, e nos cales a dita autoridade será a responsable de incorporar en formato electrónico a solicitude presentada polo agricultor.

2. Na solicitude única declararanse todas as parcelas agrícolas que conforman toda a superficie agraria da explotación e que estean á disposición do seu titular, xa sexa en réxime de propiedade, usufruto, arrendamento, parzaría ou asignación de superficies comunais por parte dunha entidade xestora destas, incluídas aquelas polas que non se solicite ningún réxime de axuda. No caso das medidas de axuda por superficie dos programas de desenvolvemento rural deberase tamén incluír a superficie non agrícola pola que se solicita axuda.

3. Para efectos da súa identificación e localización, deberanse delimitar graficamente e en formato dixital as parcelas agrícolas da explotación, así como as terras non agrícolas polas que se solicita axuda recollidas no punto anterior (en diante, «declaración gráfica»). Para isto utilizaranse as ferramentas informáticas baseadas na tecnoloxía dos sistemas de información xeográfica que a autoridade competente da comunidade autónoma estableza. A superficie declarada será calculada polas ditas ferramentas con base na xeometría da parcela agrícola e expresarse en hectáreas con dous decimais.

4. A aplicación do número anterior farase, como máis tarde, como segue:

a) A partir da campaña 2016, será obrigatorio para todos os solicitantes que declaren máis de 200 ha.

b) A partir da campaña 2017, será obrigatorio para todos os solicitantes que declaren máis de 30 ha.

c) A partir da campaña 2018, será obrigatorio para todos os solicitantes.

Nos casos excepcionais que determine a autoridade competente, en que o beneficiario non sexa capaz de realizar a declaración gráfica, a delimitación das parcelas agrícolas farase en papel, e a Administración procederá á súa transformación en declaración gráfica.

En canto non sexa obrigatoria a declaración gráfica, a identificación de cada parcela agrícola declarada realizarase mediante o código de identificación do recinto ou recintos Sixpac que a integren, e indicarse a superficie en hectáreas con dous decimais.

Para os efectos de comprobar as obrigacións establecidas nas letras a) e b), só se deberán ter en conta as hectáreas admisibles, segundo se recolle no artigo 14 deste real decreto, así como as superficies non agrarias polas que se solicita axuda ao abeiro de medidas de desenvolvemento rural.

Sen prexuízo do anterior, o agricultor non deberá realizar a declaración gráfica das parcelas agrícolas no caso de pastos permanentes de uso común. Nas ditas situacións, a identificación da parcela agrícola declarada realizarase ben mediante o código de identificación do recinto ou recintos Sixpac que a integren ben con base nas referencias identificativas establecidas polas comunidades autónomas que se acollan á opción establecida no artigo 93.3 deste real decreto para os pastos utilizados en común, e indicarse a superficie en hectáreas con dous decimais. En caso de ser necesario, a Administración procederá á transformación en declaración gráfica destas superficies de pasto permanente de uso común.

5. O tamaño mínimo das parcelas agrícolas polas cales se poderán percibir as axudas recollidas no artigo 1 deste real decreto será de 100 metros cadrados de superficie admissible.

6. O agricultor deberá facer unha declaración expresa en que dará a súa conformidade á delimitación, ao uso e demais información contida no Sixpac para cada un dos recintos declarados. En caso contrario, deberá facer as correspondentes alegacións segundo se especifica no artigo 94.

7. Con base nos criterios e procedementos que, se for o caso, estableza a autoridade competente, o agricultor declarará na súa solicitude única a utilización de todos os recintos declarados ou os labores de mantemento realizados en estado adecuado para o pasto ou para o cultivo con base na lista establecida no anexo IV.

8. O agricultor incluírá na súa solicitude única unha autorización para que a autoridade competente solicite da Administración tributaria correspondente a información fiscal para poder determinar o cumprimento dos requisitos recollidos no capítulo I do título II. En caso de non presentar a dita autorización, o agricultor deberá achegar a documentación xustificativa dos seus ingresos fiscais.

9. O agricultor, persoa física ou xurídica, incluírá na súa solicitude única unha declaración expresa en que manifeste se realiza ou non algunha actividade que se corresponda cos códigos recollidos no anexo III conforme a Clasificación nacional de entidades económicas (CNAE) ou conforme o imposto sobre actividades económicas (IAE). Así mesmo, na dita declaración manifestará se ten ou non o control dalgunha entidade asociada e, en caso de ser persoa xurídica, tamén expresará se é controlada por algunha entidade asociada, tal e como aparecen definidas no artigo 8. En caso afirmativo, o agricultor indicará o NIF das entidades asociadas con que teña relación e manifestará se desenvolven ou non algunha das actividades recollidas no anexo III.

En caso de que o agricultor indique na súa solicitude única que, por conta propia ou a través dunha entidade asociada, desenvolve unha actividade das indicadas no anexo III, o agricultor poderá solicitar a súa consideración como agricultor activo para o que deberá achegar xunto coa solicitude única os documentos que permitan

verificar que se cumpren algunha das tres condicións establecidas no artigo 8.2 para ser agricultor activo. Para os solicitantes que percibisen axudas directas nas campañas 2015 e 2016, esta declaración expresa deberá incluír unha referencia, ademais de á campaña 2017, a aquelas outras campañas previas até 2015 en que se cobrasen axudas directas.

10. Ademais do previsto no presente artigo, a solicitude deberá conter, como mínimo, a información que se recolle no anexo VII, xunto, segundo o réxime de axudas que se solicite, coa documentación adicional que se indica no número V do dito anexo. Non obstante, en función da información que estea á disposición da autoridade competente, esta decidirá a información e documentación que deberá presentar o agricultor e o soporte utilizado para isto».

Vinte e nove. O número 3 do artigo 93 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Cando se trate de pastos utilizados en común, a comunidade autónoma poderá establecer que a declaración de superficies se realice ben seguindo o criterio xeral recollido no artigo 92 ben con base nunhas referencias identificativas das parcelas agrícolas distintas das establecidas no Sixpac, conforme o recollido no anexo XIV. En caso de aplicar esta opción, e sen prexuízo do establecido no número 1, o agricultor declarará a superficie neta que lle foi asignada pola autoridade xestora do pasto, é dicir, a superficie admisible unha vez aplicado o coeficiente de admisibilidade en pastos que corresponda.»

Trinta. O número 3 do artigo 98 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Os datos relativos á declaración de cada recinto, no que se refire ao réxime de tenza e ao cultivo declarado neste, facilitaranse á Dirección Xeral de Catastro do Ministerio de Facenda e Función Pública. Cando se trate dos supostos recollidos no artigo 14.e) do texto refundido da Lei de catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, a cesión realizarase nos termos que se determine por orde do ministro de Facenda e Función Pública».

Trinta e un. O número 2 do artigo 106 queda redactado como segue:

«2. No caso de que os importes que haxa que reembolsar sexan iguais ou inferiores a 100 euros, xuros non incluídos, por agricultor, campaña e réxime de axuda dos establecidos no artigo 1 ou medida de desenvolvemento rural, poderase non exixir o reembolso».

Trinta e dous. O número 5 do artigo 107 queda modificado como segue:

a) A letra e) queda redactada da seguinte forma:

«e) Respecto á axuda asociada para as explotacións de ovino a que se refire a sección 5ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento».

b) A letra f) queda redactada do seguinte modo:

«f) Respecto á axuda asociada para as explotacións de cabrún a que se refire a sección 6ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento:

- 1.º Nas zonas de montaña;
- 2.º No resto do territorio nacional».

c) A letra i) substitúese pola seguinte:

«i) Respecto á axuda asociada para as explotacións de ovino e cabrún que mantiveron dereitos especiais en 2014 a que se refire a sección 9ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento».

Trinta e tres. A disposición adicional primeira queda modificada como segue:

a) O número 2 queda redactado da seguinte forma:

«2. Na súa virtude, os agricultores con plantacións de amendoeira, abeleira, nogueira, pistacho e alfarrobeira que cumpran as condicións que se recollen nesta disposición poderanse beneficiar dun pagamento nacional por superficie para os anos 2015, 2016 e 2017».

b) A letra b) do número 5 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Antes do 30 de outubro do ano de presentación da solicitude, a superficie total determinada, desagregada por especies e por comunidades autónomas de localización da dita superficie».

c) Suprímese a letra c) do número 5.

Trinta e catro. As disposicións transitorias primeira e segunda quedan suprimidas, sen prexuízo do mantemento dos efectos e dos actos administrativos ditados en aplicación delas, e engádese unha nova disposición transitoria única co seguinte contido:

«Disposición transitoria única. *Elixibilidade das explotacións de ovino e cabrún na solicitude 2017.*

Sen prexuízo do establecido nos números 4.b) dos artigos 71 e 74 do presente real decreto, para as solicitudes de axuda presentadas no ano 2017, o cumprimento do requisito exixido de 0,6 cordeiros ou cabritos por femia reprodutora ou, se for o caso, de 80 litros ou 200 litros, tamén por femia reprodutora, segundo se trate da axuda ao ovino ou ao cabrún respectivamente, referirase ao ano natural de solicitude 2017, e será de aplicación o período comprendido entre o 1 de xuño do ano anterior á solicitude e o 31 de maio do ano de solicitude, a partir da campaña 2018 e seguintes».

Trinta e cinco. No anexo III, as remisións ao artigo 10 entenderanse referidas ao artigo 8.

Trinta e seis. O anexo VII queda modificado do seguinte modo:

a) No número 15 do punto I, a cita ao artigo 8 entenderase referida ao artigo 9.

b) Engádese un novo número 17 no punto I, co seguinte contido:

«17. Declaración expresa en que o agricultor manifeste que non exerce ningunha actividade que, conforme a Clasificación nacional de entidades económicas (CNAE) ou conforme o imposto sobre actividades económicas (IAE), se corresponda cos códigos recollidos no anexo III, nin é controlado por, nin ten o control de ningunha entidade asociada, segundo se definen no artigo 8, que realice algunha destas actividades. Esta declaración realizarase en relación coas campañas 2015 e 2016, sempre e cando nas dúas primeiras se recibisen pagamentos por axudas directas, e en todos os casos en relación coa campaña 2017. Nesta declaración incluírase o NIF das entidades asociadas con que o agricultor teña relación».

- c) O número 4 do punto III substitúese polo seguinte:
- «4. A utilización das parcelas, indicándose en todo caso o produto cultivado, os pastos permanentes, outras superficies forraxeiras, o barbeito e o seu tipo, os cultivos permanentes, as superficies plantadas con plantas forestais de ciclo curto, etc. No caso dos recintos de pastos, indicárase se as parcelas van ser obxecto de produción con pastoreo, sega ou mantemento mediante outras técnicas. No caso das terras de cultivo, poderase declarar máis dun produto por campaña e parcela, indicando sempre o cultivo declarado para efectos da diversificación e, se procede, outro cultivo, tal e como quedan definidos nas letras c) e d) do número 1 do artigo 89. O solicitante declarará de forma expresa que os cultivos e aproveitamentos, así como as actividades de mantemento declaradas son veraces e constitúen un fiel reflexo da súa actividade agraria».
- d) O número 4 do punto V substitúese polo seguinte:
- «4. No caso da axuda asociada ao tomate para industria a que se refire a sección 7ª do capítulo I do título IV, copia do contrato suscrito coa industria ou do compromiso de entrega coa OP que vai realizar a transformación, salvo no caso de que non sexa exixible de acordo co previsto no parágrafo segundo do número 1 do artigo 50».
- e) Engádesse un novo número 5 no punto V coa seguinte redacción:
- «5. No caso do pagamento específico ao cultivo do algodón a que se refire a sección 8ª do capítulo I do título IV, copia do contrato de subministración a unha ripadora autorizada».
- f) Renúméranse os números que seguen ao novo número 5 do punto V, e pasa o número 5 a ser o novo número 6 e así sucesivamente.
- Trinta e sete. O anexo VIII queda modificado como segue:
- a) O último parágrafo do punto I substitúese polo seguinte:
- «Así mesmo, a partir da solicitude única correspondente a 2016, as superficies de barbeito que se pretendan computar como de interese ecolóxico non deberán ter estado precedidas por ningún cultivo fixador de nitróxeno dos incluídos na lista do punto seguinte, que computase como de interese ecolóxico en relación coa solicitude única do ano anterior».
- b) O primeiro parágrafo do punto II queda redactado nos seguintes termos:
- «Consideraranse superficies de interese ecolóxico as dedicadas ao cultivo das seguintes especies de leguminosas para consumo humano ou animal: feixón, garavanzo, lentella, chícharo, fabas, tremozo, alfarroba, pedrelos bravos, almorta, veza, ervellas bravas, alforba, ervellaca, ervella negra, alfalfa, esparceta, sula, trevo, soia e cacahuete».
- c) O último parágrafo do punto II queda redactado da seguinte forma:
- «En particular, a partir da solicitude única correspondente a 2016, as superficies de cultivos fixadores de nitróxeno que se pretendan computar como de interese ecolóxico non deberán ter estado precedidas por outra leguminosa que computase como de interese ecolóxico en relación coa solicitude única do ano anterior, a excepción das leguminosas forraxeiras plurianuais mentres dure o seu ciclo de cultivo».

Trinta e oito. Engádesse un novo punto, ao final do anexo XII, co seguinte contido:

«En caso de aplicación do segundo parágrafo do artigo 50.2.a).1.º, certificado da OP indicando os agricultores que comercializan como terceiros».

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.*

O Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 7 substitúese polo seguinte:

«1. A base territorial das rexións establécese con base no potencial produtivo que presentan, así como na orientación produtiva determinada na campaña 2013 para as superficies declaradas na dita campaña, ou ao uso reflectido no Sistema de identificación xeográfica das parcelas agrícolas (Sixpac) en 2013 para as superficies non declaradas na dita campaña. Esta base territorial fixarase, antes do 1 de marzo de 2015, nunha capa de referencia sobre o Sixpac, capa que se considerará definitiva unha vez que finalice o proceso de asignación de dereitos de pagamento básico no ano 2015. Non obstante, no caso de se producir unha concentración parcelaria derivada dunha actuación pública, as comunidades autónomas realizarán as actuacións necesarias para asegurar unha correcta xestión no marco da activación dos dereitos de pagamento básico asignados previamente nestas superficies».

Dous. A letra c) do artigo 17 queda redactada da seguinte forma:

«c) Catástrofe natural grave ou fenómeno climatolóxico adverso asimilable a catástrofe natural que afectase seriamente as terras agrarias da explotación. Para poderse acoller a este suposto, deberá existir declaración por parte da autoridade competente, na rexión onde estea situada a explotación que cualifique, en primeiro lugar, o suceso destrutivo acaecido como catástrofe natural ou fenómeno climatolóxico asimilable a catástrofe natural, conforme a definición do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e, a continuación, delimitarase a zona afectada pola catástrofe.»

Tres. O artigo 24 queda modificado como segue:

a) O parágrafo 1.º do número 3.b) substitúese polo seguinte:

«1.º Nas que o control efectivo a longo prazo sobre a persoa xurídica que solicita asignación de dereitos de pagamento básico á reserva nacional corresponda a un agricultor mozo que cumpra o disposto no número 3.a). Entenderase que un mozo ou un grupo de agricultores mozos exercen o control efectivo sobre a persoa xurídica cando teñan potestade de decisión dentro da dita persoa xurídica, o que exige que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social total desta e que posúan máis da metade dos dereitos de voto dentro dela».

b) Engádesse unha letra d) no número 4, co seguinte contido:

«d) No caso de persoas xurídicas, o novo agricultor que realice o control efectivo da persoa xurídica, de maneira similar a como consta no número 3.b).1.º para agricultores mozos deste mesmo artigo, deberá cumprir o requisito de non ter exercido a actividade agraria nos 5 anos anteriores á data de comezo da nova

actividade e estar dado de alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación, ademais de cumprir o resto de requisitos establecidos como novo agricultor».

Catro. A letra b) do número 1 do artigo 25 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Dispor de hectáreas admisibles determinadas para efectos do pagamento básico para que os dereitos se poidan asignar con base nas ditas hectáreas. Se o solicitante declara na súa solicitude únicas superficies de pastos permanentes sobre os que pretende recibir unha asignación de dereitos de pagamento básico procedente da Reserva Nacional, deberá estar inscrito como titular principal dunha explotación activa no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA), regulado polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, na data de finalización do prazo de presentación da solicitude única da campaña en que presente a súa solicitude á Reserva Nacional. En caso contrario, a autoridade competente deberá estudar se se cumpren as condicións establecidas tanto no artigo 3, punto I, do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, en relación co coeficiente de admisibilidade de pastos nas ditas superficies, como no artigo 11 sobre a actividade agraria en superficies de pastos. En calquera caso, estes titulares serán considerados como unha situación de risco para efectos da aplicación do artigo 12 do citado real decreto».

Cinco. O número 1 do artigo 26 queda redactado nos seguintes termos:

a) O primeiro parágrafo do artigo 26.1 queda modificado como segue:

«1. Para os agricultores, xa sexan persoas físicas, persoas xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, que acceden á reserva nacional polos casos de agricultores mozos ou agricultores que comezan a súa actividade agrícola:»

b) Suprímese a letra e) do artigo 26.1.

Seis. O número 3 do artigo 29 modifícase como segue:

a) Engádese unha nova letra b) coa seguinte redacción:

«b) Cesión temporal ou definitiva dos dereitos de axuda sen terra en que o cedente vise reducida a súa superficie nalgunha das rexións onde ten asignados dereitos de pagamento básico, como consecuencia da intervención pública vinculada a un proceso de expropiación forzosa ou un programa público de concentración parcelaria».

b) As letras b) e c) pasan a ser as novas letras c) e d), respectivamente.

Sete. O número 1 do artigo 33 queda redactado do seguinte modo:

«1. Fixarase un importe igual ao valor total dos pagamentos directos que se deban conceder ao agricultor en 2015, conforme o establecido na dita campaña para o réxime de pagamento básico e pagamentos relacionados e para as axudas asociadas, de acordo co título III e co título IV, respectivamente, do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural. A partir de 2015 este importe substituirá, no caso dos agricultores acollidos ao réxime de pequenos agricultores, o que se deba conceder anualmente de conformidade cos citados réximes de axudas.

O número de hectáreas que servirá de base para establecer os importes recollidos no número anterior seguirá sendo o mesmo durante todo o período de participación do agricultor no réxime para pequenos agricultores, e non será de aplicación a converxencia que establece o artigo 16.

Por tanto, o importe que se calcule para a campaña 2015 manterase constante durante as campañas sucesivas».

Oito. O número 3 do artigo 35 queda redactado da seguinte maneira:

«3. Os dereitos de pagamento que posúan os agricultores que participen no réxime para pequenos agricultores non serán transmisibles, salvo en caso de herdanzas, xubilacións en que o cesionario dos dereitos sexa un familiar de primeiro grao do cedente, programas aprobados de cesamento anticipado ou en casos de incapacidade laboral permanente. Os agricultores que, mediante algunha destas cesións, reciban dereitos de pagamento dun agricultor que participe no réxime de pequenos agricultores poderán optar a participar no dito réxime, coa condición de que cumpran os requisitos para se beneficiar do réxime de pagamento básico e reciban na cesión todos os dereitos de pagamento que posúa o agricultor do cal recibiron os dereitos. Os agricultores que xa participen no réxime para pequenos agricultores e reciban dereitos de pagamento do dito réxime mediante algunha destas cesións non poderán acumular os importes procedentes da dita cesión aos importes que serviron para incluílo no réxime para pequenos agricultores, mentres continúen pertencendo ao dito réxime. Os agricultores que xa participen no réxime para pequenos agricultores e reciban dereitos de pagamento procedentes do réxime de pagamento básico non poderán activar estes dereitos mentres continúen pertencendo ao réxime para pequenos agricultores, pero si poderán cedelos a outro agricultor activo».

Novo. O anexo V divídese en dous puntos e queda modificado do seguinte modo:

a) O contido actual pasa a constituír o punto I, co seguinte título:

«I. Documentación acreditativa dos solicitantes á reserva nacional nas campañas 2015 e 2016».

b) Engádesse un novo número II coa seguinte redacción:

«II. Documentación acreditativa dos solicitantes á reserva nacional 2017.

Con carácter xeral, os solicitantes deberán presentar:

1. Unha relación detallada de todas e cada unha das parcelas da súa explotación de acordo co disposto no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.

2. Calquera outra documentación que determine a autoridade competente. En particular:

1. Agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda, ou para aumentar o valor dos dereitos existentes, en virtude dunha sentenza xudicial firme ou dun acto administrativo firme:

Copia da sentenza ou do acto administrativo firme.

2. Agricultores mozos e agricultores que comecen a súa actividade agrícola:

Documento que acredite a data de alta na Seguridade Social, correspondente á actividade agraria que determinou a súa incorporación.

A presentación deste documento poderá ser substituída por unha autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria e o seu inicio.

3. Agricultores que non tivesen acceso á primeira asignación de dereitos de pagamento básico en 2015 por causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, previstas no artigo 24.5 deste real decreto:

Para estes efectos, dentro das causas de forza maior establecidas no artigo 17 deste real decreto, considéranse que xustifican a imposibilidade de presentar a solicitude única en 2015 as que se detallan a continuación, para cuxo efecto se deberá presentar a documentación que se prevé en cada caso:

a) Falecemento do beneficiario ou desaparición.

Certificado de defunción ou denuncia da desaparición, declaración de ausencia ou declaración de falecemento.

b) Incapacidade laboral de longa duración do beneficiario.

Certificado do centro xestor da Seguridade Social sobre incapacidade de longa duración. O solicitante poderá autorizar os órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente do centro xestor da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique a incapacidade de longa duración.

c) Problemas na tramitación da solicitude de axuda da campaña 2015 que non sexan responsabilidade do agricultor e que desen lugar á non presentación da dita solicitude.

Liquidación do seguro de responsabilidade civil por parte da entidade colaboradora ou documentación acreditativa de ter sido indemnizado pola entidade colaboradora e declaración xurada sobre a omisión cometida por esta.

Non obstante, as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poden considerar outros casos de causas de forza maior establecidos no artigo 17, así como a documentación xustificativa correspondente».

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.*

A última táboa do anexo II do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, queda modificada como segue:

«Usos non agrícolas

Uso Sixpac	Descrición
AG.	Correntes e superficies de auga.
CA.	Vías.
ED.	Edificacións.
FO.	Forestal.
IM.	Improdutivos.
ZU.	Zona urbana.
EP.	Elemento da paisaxe».

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.*

O segundo parágrafo da BCAM 7 do anexo II.3 do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir

os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola, queda modificado como segue:

«Non obstante, tendo en conta que os elementos da paisaxe protexidos formarán parte da superficie admisible da parcela agrícola en que estean situados, considérase necesario definir o marco de aplicación e control desta norma, que se aplicará ás terras de cultivo e aos cultivos permanentes, e, nos casos en que determine a comunidade autónoma, aos pastos permanentes ou outras superficies. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán concretar as características descritivas dos elementos da paisaxe, así como modificar de forma xustificada os límites que se establecen a seguir, atendendo ás súas particularidades paisaxísticas rexionais ou locais, ou posibles casos específicos».

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro, polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos a prima e para o acceso ás reservas nacionais respecto aos produtores de ovino e cabrún e dos que manteñen vacas nutrices.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017. Non obstante, a letra a) do número vinte e cinco do artigo primeiro será de aplicación desde o exercicio 2015 e o número trinta e dous do artigo primeiro será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA